A MÁQUINA DO TEMPO

un espectáculo de Teatro dos Ghazafelhos

Distribución:
www.urdime.gal

urdime

A maquina do tempo è unha peza de teatro que ilustra dun xeito ameno e pedagóxico a **historia das civilizacións**.
Pepablo Patinho e Montse Piñón farán un recorrido pola historia do mundo con moito humor e participación do público.

Sinopse: A doutora Mon e o seu axudante Pe, logran construír unha máquina do tempo coa que nos amosaran a verdadeira historia das civilizacións mandando a Pe e a "algún voluntario ou voluntaria" a distintas épocas da nosa historia.

Público recomendado: +3 anos.

Necesidades:
Dimensión do espazo escénico: ancho 2,50 m. Largo 2,50 m. Alto 2,20 m.
Conexión a rede eléctrica convencional na zona do espazo escénico

Teatro Ghazafelhos é unha compañía nacida en Narón no ano 2006 especializada en teatro de actor e clown. Trátase dunha das compañías galegas de referencia para público familiar. Ghazafelhos compóñena Montse Piñón, Pepablo Patinho e Jorge Casas. Unha compañía consolidada que nos sorprende con cada nova das súas producións, mesturando xéneros, falándonos de temas variados e levándonos a mundos cheos de maxia. No seu repertorio destacan obras como Frankenstein, Nana para un Soldado, Bon Appetit, Irinha Bailariña e un longo etcétera. Pepablo Patinho e Montse Piñón son tamén os actores protagonistas do musical de Magín Blanco A nena e o grilo nun barquiño. Nos últimos tempos destacan montaxes como Rubicundo, baseado no libro homónimo de María Canosa ou Ninja, unha tenra historia sobre as relacións humanas e o mundo dende a ollada dunha nena. O humor incomparable dos Ghazafelhos fai desta compañía unha das preferidas polo público familiar.

Teatro dos Ghazafelhos